

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 16.10.2019 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 53385 (10/POC-008359)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Novo Fariña, María Isabel e 6 máis
Sobre a avaliación polo Goberno galego do resultado dos simulacros do plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais efectuados neste ano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.2 55565 (10/POC-008763)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre o compromiso real do Goberno galego en relación coa introdución da perspectiva de xénero na mellora dos ámbitos urbanos, o prazo previsto para a redacción da guía que sirva de base e ferramenta para os técnicos involucrados nos procesos urbanísticos e o tipo de actuacións urbanas que está a analizar desde esa perspectiva
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 1.3 56291 (10/POC-008845)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para dotar de servizo de extinción de incendios e salvamento os concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Moraña, Ponte Caldelas e A Lama e, en xeral, todos aqueles nos que o tempo de resposta do servizo supera os vinte minutos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 32054 (10/PNC-002611)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina antifraude onde se poidan denunciar de forma anónima posibles casos de corrupción producidos dentro do sistema público galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

- 2.2 33665 (10/PNC-002756)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia no prazo de tres meses dun documento que permita unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais galegas que permitan establecer medidas que reequilibren a dotación anual nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao ano 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 344, do 01.08.2018
- 2.3 53820 (10/PNC-004287)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Parlamento de Galicia para solicitar do Goberno do Estado as modificacións lexislativas necesarias para potenciar o papel do procurador como colaborador da Administración de xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 2.4 55016 (10/PNC-004360)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos bens públicos espoliados durante a ditadura franquista
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 528, do 11.09.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2019

José Manuel Rey Varela

Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**
POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
José Manuel Rey Varela	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Beatriz Mato Otero	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
María Teresa Porritt Lueiro	S
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	GCE
Luis Villares Naveira	M

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 16.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 16.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 53385(10/POC-008359)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Novo Fariña, María Isabel e 6 máis

Sobre a avaliación polo Goberno galego do resultado dos
simulacros do plan especial de protección civil ante
emerxencias por incendios forestais efectuados neste ano

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 13:54:36
Nº Rexistro: 53385
Data envío: 05/08/2019 13:54:36.149

A Mesa do Parlamento

María Isabel Novo Fariña, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro, Jose Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e M^a Julia Rodríguez Barreira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Goberno galego aumentou nos últimos anos os seus esforzos no eido das emerxencias co obxectivo de mellorar as prestacións e seguir adaptando a seguridade aos novos tempos.

Desde o Grupo Popular consideramos que hai que seguir dotándoos de medios porque a labor dos servizos de emerxencias e seguridade é unha parte fundamental da nosa sociedade, xa que falamos da seguridade dos cidadáns e de situacións de risco e casos extremos e complexos como foron as situacións dos incendios.

Nese sentido, a Xunta actualizou en 2018 o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA). Un plan que levaba sen actualizar desde 2001 e que nesta nova revisión se adaptou á nova lexislación e ás novas directrices básicas en materia de protección civil.

Nesta liña de traballo, planificar e previr, son dous requisitos fundamentais nas emerxencias. A prevención é básica para conseguir diminuír as emerxencias pero tamén temos que saber como actuar fronte a elas, planificar e coordinarse ante posibles emerxencias. Por iso, o Centro Integrado de Atención ás Emerxencias leva



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2019 13:54:36
Nº Rexistro: 53385
Data envío: 05/08/2019 13:54:36.149

anos apostando por esta estratexia incrementando o número de simulacros nun 10% dende o 2017 por toda Galicia e en distintos ámbitos.

Tamén o novo PEIFOGA necesita simulacros para poñelo a proba. Nese sentido, a Xunta puxo en marcha nestes meses simulacros da activación do PEIFOGA nas catro provincias, mobilizando todos os medios dos servizos de emerxencias.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

-Que avaliación fai o Goberno galego do resultado dos simulacros do Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais efectuados neste ano?

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

María Isabel Novo Fariña na data 05/08/2019 13:50:51

Beatriz Mato Otero na data 05/08/2019 13:51:03

Jacobo Moreira Ferro na data 05/08/2019 13:51:25

José Manuel Rey Varela na data 05/08/2019 13:51:37

Alberto Pazos Couñago na data 05/08/2019 13:52:03

Paula Prado Del Río na data 05/08/2019 13:52:21

María Julia Rodríguez Barreira na data 05/08/2019 13:52:50



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 16.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 55565(10/POC-008763)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre o compromiso real do Goberno galego en relación coa introdución da perspectiva de xénero na mellora dos ámbitos urbanos, o prazo previsto para a redacción da guía que sirva de base e ferramenta para os técnicos involucrados nos procesos urbanísticos e o tipo de actuacións urbanas que está a analizar desde esa perspectiva

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55565
Data envío: 12/09/2019 14:16:48.226

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilan Lorenzo e Teresa Porritt Lueiro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

As cidades e vilas que habitamos son o fondo escénico no se que se desenvolven as nosas vidas.


Non son espazos estáticos, senón que mudan co paso do tempo, e o como e o cando forma parte da interacción das diferentes administracións, autonómica, municipal e provincial, pero tamén do impulso que xurde das iniciativas sociais.

Pouco a pouco o concepto de perspectiva de xénero vaise introducindo nas diferentes leis e normas. Sen embargo a súa aplicación práctica segue a ser unha cuestión que segue agardando a súa quenda.

Na recentemente aprobada Lei 1/2019, de 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia introduciuse entre os “principios e criterios da rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas” a perspectiva de xénero, como tamén a contempla entre as “funcións dos centros de rexeneración urbana de interese autonómico” e entre as “actuacións de protección nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico”.

Así mesmo, no ano 2017 aprobouse a iniciativa socialista para elaborar un documento guía que sirva de base e ferramenta para todos os técnicos e técnicas involucradas nos procesos de creación de novos ámbitos urbanos ou rexeneración dos existentes, co fin de impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, desde o deseño, a participación, a planificación e a execución, ata a avaliación e o seguimento.

A realidade é que máis de dous anos despois nada se sabe deste compromiso adquirido, nin se albisca nas intencións da Xunta de Galicia dotar de contido a este principio e criterio como impulsor das actuacións de rehabilitación, rexeneración ou renovación das nosas vilas e cidades. Un claro síntoma do único interese deste Goberno en maquillar de igualdade as actuacións dun Goberno que non ten outro obxectivo máis que o de aparentar un compromiso que non existe.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55565
Data envío: 12/09/2019 14:16:48.226

Polo exposto, as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cal é o compromiso real deste goberno coa introdución da perspectiva de xénero na mellora dos ámbitos urbanos?
- 2.^a) Cando pensa redactar a guía que sirva de base e ferramenta para todos os técnicos e técnicas involucradas nos procesos de creación de novos ámbitos urbanos ou rexeneración dos existentes?
- 3.^a) Que tipo de actuacións urbanas está a analizar actualmente a administración autonómica desde a perspectiva de xénero?
- 4.^a) Ten considerado a posta en marcha de subvencións para concellos que permita a estes revisar os seus propios instrumentos urbanísticos e adaptalos ós criterios da perspectiva de xénero?

Pazo do Parlamento 12 de setembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Teresa Porritt Lueiro
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 12/09/2019 14:08:16

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/09/2019 14:08:37

María Teresa Porritt Lueiro na data 12/09/2019 14:08:58



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 16.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 56291(10/POC-008845)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para dotar de servizo de extinción de incendios e salvamento os concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Moraña, Ponte Caldelas e A Lama e, en xeral, todos aqueles nos que o tempo de resposta do servizo supera os vinte minutos

Publicación da iniciativa, 540, 02.10.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2019 12:57:47
Nº Rexistro: 56291
Data envío: 24/09/2019 12:57:47.344

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa á creación do servizo de extinción de incendios e salvamento para os concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Moraña, Ponte Caldelas e A Lama.

1. Tal como se recolle na lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, “o Consello da Xunta é o órgano superior de dirección e coordinación da protección civil e da xestión de emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Segundo esta norma, correspóndelle ao Consello da Xunta:

- a) Aprobar as disposicións de carácter xeral en materia de protección civil e xestión de emerxencias.
- b) Aprobar o Plan territorial de protección civil de Galicia e os plans especiais.
- c) Aprobar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia.
- d) Fixar as directrices da política de prevención e autoprotección.
- e) Declarar a situación de emerxencia de interese galego, cando a situación de perigo, pola súa especial extensión ou intensidade particularmente grave, o requira.

A citada lei tamén prevé, na disposición adicional terceira, o seguinte





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 24/09/2019 12:57:47

Nº Rexistro: 56291

Data envío: 24/09/2019 12:57:47.344

“A Xunta de Galicia procederá, no prazo de seis meses desde a súa posta en funcionamento, á elaboración dun plan director dos servizos contraincendios e de salvamento que definirá o modelo de reordenación territorial e a estrutura operativa deles”.

En virtude do establecido nesta lei, os concellos de máis de 20.000 habitantes teñen a obriga de contar con servizo de extinción de incendios e salvamento. No caso das entidades locais de menos de 20.000 habitantes, prevese a obriga das Deputacións provinciais de colaboración para a prestación de servizo, e a tal efecto créanse os Consorcios Provinciais de Bombeiros, cofinanciados pola Xunta e as Deputacións.

2. A longo dos 12 anos transcorridos desde a aprobación da lei, detectáronse numerosas eivas no sistema galego de emerxencias. Un deles é a deficiente cobertura territorial das emerxencias en determinadas zonas do país, que carecen de servizos de bombeiros e de grupos de emerxencia supramunicipal. Nestas áreas, chamadas “zonas de sombra” os tempos de resposta dos servizos de emerxencias están moi por riba dos 20 minutos, chegando nalgúns casos a 1 hora.

Esta situación é particularmente alarmante no caso dos concellos de Campo Lameiro, parte de Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, Moraña e A Lama, que son atendidos desde os parques que ten o Consorcio Provincial de Bombeiros en Ribadumia e Bueu, e os de Forcarei e outra parte de Cerdedo-Cotobade que son atendidos dende o Consorcio do Deza.

A poboación destes concellos está absolutamente desprotexida, sen medios para dar unha resposta áxil e eficaz, como se puxo de manifesto no incendio que tivo lugar en Tenorio en xullo de 2017. Mais aquel non foi un caso único, xa que é unha situación que se repite cando hai calquera emerxencia, como aconteceu o pasado 31 de xullo co incendio dunha casa en Ponte Caldelas, no que os bombeiros do Consorcio Provincial con base en Bueu, tardaron 40 minutos en chegar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2019 12:57:47
Nº Rexistro: 56291
Data envío: 24/09/2019 12:57:47.344

Desde fai xa máis de 2 anos, a Xunta de Galiza anunciou a revisión do mapa de emerxencias e a comarcalización dos parques de bombeiros das cidades, mais pouco se avanzou ao respecto. Resulta pois imprescindible e urxente que a Xunta de Galiza, a Deputación de Pontevedra estuden e acorden, en colaboración cos concellos e a través dos consorcios, unha solución para darlle unha cobertura axeitada ás emerxencias nos citados concellos do interior da provincia.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1º:

Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para dotar do servizo de extinción de incendios e salvamento os concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotabade, Forcarei, Moraña, Ponte Caldelas, A Lama e en xeral todos os que están por riba dos 20 minutos?

Considera o goberno galego que é unha boa solución que 59 concellos da provincia de Pontevedra sexan atendidos por 5 parques de bombeiros?

Considera o goberno galego que 91 bombeiros son suficientes para atender unha provincia como Pontevedra?

Considera o goberno galego que os turnos de 3 persoas nos parques provinciais e moitas veces no Deza ofrecen seguridade na intervención aos bombeiros?

Como valora a Xunta de Galiza que os tempos de resposta sexan de arredor de unha hora en moitos lugares desta zona de sombra?



CSV REXISTROZozVour87

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2019 12:57:47
Nº Rexistro: 56291
Data envío: 24/09/2019 12:57:47.344

Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para dotar do servizo de extinción de incendios e salvamento ós concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotabade, Forcarei, Ponte Caldelas e A Lama?

Que medidas pretenden levar a cabo dende os Consorcios nos que participan para estudar cos concellos unha solución á deficiente cobertura que teñen estes?

Cal considera a Xunta de Galiza que é a mellor solución para mellorar a cobertura e reducir os tempos de resposta nos concellos da provincia?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2019 12:51:44

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2019 12:51:50

CSV REXISTROZozZvour67
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 24/09/2019 12:57:47

Nº Rexistro: 56291

Data envío: 24/09/2019 12:57:47.344

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2019 12:51:58

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2019 12:52:06

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2019 12:52:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/09/2019 12:52:27

CSV REXISTROZ-ZVour87
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 16.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 16.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 32054(10/PNC-002611)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina
antifraude onde se poidan denunciar de forma anónima posibles
casos de corrupción producidos dentro do sistema público
galego

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 17:23
Nº Rexistro: 32054
Data envío: 07/06/2018 17:23:34.420



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa das súas deputadas **Carmen Santos Queiruga e Julia Torregrosa Sañudo** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a**, sobre a creación dunha oficina antifraude.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A trama de corrupción do caso Gürtel, vai máis aló do meramente xudicial. Gürtel é o maior caso de corrupción institucional que incumbe e apunta directamente a accións exercidas polo partido do goberno no poder actualmente en España. Un dos procesados foi elixido secretario de organización do PP en Galicia durante os anos noventa. Os delitos recolleitos na sentenza conforman un longo etcétera dentro da acción criminal: asociación ilícita, fraude á administración pública, suborno, falsidade en documento mercantil, prevaricación, branqueo de capitais, tráfico de influencias, aprobación indebida.

Sen esquecermos da detención do ex Ministro de Traballo, o Sr. Zaplana, aínda temos en mente, os casos que sacudiron a nosa comunidade: Pokémon, Patos, Picachu, Campión. As causas investigadas por corrupción son o suficientemente alarmantes como para exporse á creación dunha oficina antifraude que axude a axilizar, investigar, asesorar e que tamén poida informar e formular propostas, tanto por parte dos funcionarios da administración como de persoas a nivel particular, sempre de forma anónima.



A prevención é un elemento primordial para o noso sistema democrático, a aceleración á hora da tramitación e a resolución dos casos, axudaría a transmitir á cidadanía que o noso actual sistema poida chegar a ser eficaz e crible.

A esta situación, en Galicia súmase a parálise e bloqueo en materia xudicial que durante os últimos meses tivo a xustiza pola folga que o Goberno da Xunta, convenientemente, non tivo a ben axilizar e desbloquear xerando unha maior lentitude á hora de xulgar e investigar este tipo de delitos.

Cada día é máis evidente e urxente a necesidade de dotarnos das ferramentas e mecanismos para destapar e perseguir a corrupción institucional.

Polo exposto, formulamos a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 1.^a:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á creación dunha Oficina Antifraude onde tanto persoas individuais como funcionarios poidan denunciar de forma anónima posibles casos de corrupción producidos dentro do sistema público galego.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga,

Voceira S. do G.P. de En Marea

Julia Torregrosa Sañudo

Deputada do G.P. de En Marea



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 17:23
Nº Rexistro: 32054
Data envío: 07/06/2018 17:23:34.420

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 07/06/2018 17:21:39

Julia Torregrosa Sañudo na data 07/06/2018 17:21:52

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 16.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 33665(10/PNC-002756)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia no prazo de tres meses dun documento que permita unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais galegas que permitan establecer medidas que reequilibren a dotación anual nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao ano 2019

Publicación da iniciativa, 344, 01.08.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33665
Data envío: 20/07/2018 15:40:56.968



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, e do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Unha vez pechado o exercicio económico 2017 e presentado o documento correspondente á execución orzamentaria do dito exercicio o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no prazo de tres meses elabore un documento que permita ter unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais galegas, co obxecto de establecer medidas que reequilibren a dotación anual nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao ano 2019.

Pazo do Parlamento, 20 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/07/2018 15:37:24

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/07/2018 15:37:34

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/07/2018 15:37:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/07/2018 15:37:50

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 16.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 53820(10/PNC-004287)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Parlamento de Galicia para solicitar do Goberno do Estado as modificacións lexislativas necesarias para potenciar o papel do procurador como colaborador da Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 11:51:09
Nº Rexistro: 53820
Data envío: 13/08/2019 11:51:09.829

Resolución Presidencia 28.08.2019
Admítese a trámite coa incorporación na
parte resolutive do inciso "Xunta de Galicia para que inste"
entre "O Parlamento galego insta a" e "o Goberno do Estado"

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro, Maribel Novo Fariña e Julia Rodríguez Barreira** e, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 1ª; Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de Motivos:

O Libro Branco da Xustiza de 1997, o Pacto de Estado para a Reforma da Xustiza de 2001, a Lei 1/2000 de axuízamento civil e a reforma da Lei orgánica do poder xudicial en 2003, recoñecen a figura do procurador, de xeito que as súas funcións traspasan a esfera propiamente xurídico-privada como representantes procesuais das partes, para converterse en colaboradores da Administración de xustiza, como expresamente os sitúa o libro VII da Lei orgánica do poder xudicial, baixo o epígrafe das persoas e institucións que cooperan coa Administración de xustiza.

O contido das súas funcións veu incrementándose desde entón ata culminar na Lei 37/2011 de medidas de axilización procesual e na reforma da Lei de axuízamento civil operada pola Lei 42/2015, na que se acentúan as responsabilidades da procuradoría no novo sistema procesual, acorde coas fórmulas utilizadas no Dereito Europeo, que permiten acadar unha maior axilidade, claridade e eficacia do proceso.

Deste xeito, o lexislador reforzou o elenco de atribucións e obrigacións dos procuradores respecto da realización de diversos actos procesuais, tamén na fase de execución, coas persoas que non son os seus representados baixo a dirección e control do órgano xudicial e asumindo, a medida que a situación o foi requirindo, en virtude da súa condición de cooperadores da Administración de xustiza, un papel máis relevante nas labores de xestión e tramitación dos procedementos xudiciais, na liña marcada polo Libro branco da xustiza.

É por isto que a experiencia e o bo facer acreditado durante tantos anos polos Procuradores dos Tribunais e as súas organizacións colexiais, fan necesario avanzar

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROHMOQsqmVx5
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 11:51:09
Nº Rexistro: 53820
Data envío: 13/08/2019 11:51:09.829

no seu papel de cooperadores da Administración de xustiza, co fin de axilizar os procedementos xudiciais, ampliando aos procuradores as súas atribucións cos órganos xudiciais.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta ao Goberno do Estado a levar a cabo as modificacións lexislativas necesarias para potenciar o papel do procurador como colaborador da Administración de xustiza, tamén na fase de execución das resolucións xudiciais, coa realización de actos de cooperación acorde coas fórmulas empregadas no Dereito Europeo e coa finalidade de axilización dos procedementos xudiciais”.

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/08/2019 11:46:31

Paula Prado Del Río na data 13/08/2019 11:47:02

José Manuel Rey Varela na data 13/08/2019 11:47:29

Alberto Pazos Couñago na data 13/08/2019 11:47:42

Beatriz Mato Otero na data 13/08/2019 11:48:19

Jacobo Moreira Ferro na data 13/08/2019 11:48:39

María Isabel Novo Fariña na data 13/08/2019 11:49:00

María Julia Rodríguez Barreira na data 13/08/2019 11:49:12

CSV: REXISTROHMO.asqmv5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 16.10.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 55016(10/PNC-004360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación cos bens públicos espoliados durante a ditadura
franquista

Publicación da iniciativa, 528, 11.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 12:58:10
Nº Rexistro: 55016
Data envío: 04/09/2019 12:58:10.005

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez hai máis evidencias do espolio sistemático perpetrado polo Ditador Francisco Franco en Galiza durante a Ditadura, no que constituíu un auténtico “latrocinio” de bens mobles e inmobles de titularidade pública e privada que acabaron no patrimonio persoal do Ditador e da súa familia, constituíndo un claro exemplo de enriquecemento ilícito e de malversación de fondos públicos posto que unha grande parte destes bens foron adquiridos mediante a coacción, a forza ou o uso de recursos públicos.

Se ben o Pazo de Meirás é o expoñente máis claro desta apropiación de bens, existen moitos outros que tamén pasaron a ser propiedade do Ditador por medios ilícitos, como é o caso da Casa Cornide, as estatuas de Abraham e Isaac, as pías bautismais de San Xián de Moraima, o Pazo de Bendaña (Dodro), diversas obras de arte, así como fontes, cruceiros, balaustradas e escudos que foron trasladados desde outros pazos galegos.

En realidade, estamos a falar dun macroespolio que contou coa participación do aparello do Estado e coa complicidade da elite política e empresarial daquel tempo, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 12:58:10
Nº Rexistro: 55016
Data envío: 04/09/2019 12:58:10.005

tamén resultou beneficiada da trama: por iso o BNG considera que o estudo tamén debe poñer o foco nas prebendas e beneficios que obtiveron as persoas que participaron na trama que fixo posíbel o enriquecemento dos Franco.

Para o BNG, o coñecemento da verdade histórica é unha mostra de saúde democrática e de transparencia. E tamén o primeiro paso para que se faga xustiza, para que se recoñeza o roubo sistemático e a corrupción a grande escala que son sinais de identidade do franquismo, e para que se devolvan aos seus lexítimos propietarios todos aqueles bens que foron adquiridos e transmitidos de maneira enganosa, ilícita ou fraudulenta.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Encargar a unha comisión independente un informe amplo e exhaustivo sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio dos Franco de maneira irregular ou ilícita. Neste estudo débense analizar as vías para a recuperación dos bens espoliados, prestando o asesoramento necesario ás entidades públicas e privadas e ás persoas que desexen emprender accións legais para a restitución dos citados bens.

2. Como resultado desta investigación, elaborar un inventario de propiedades mobles e inmobles espoliadas no que figure a súa procedencia, a propiedade orixinal, o método de adquisición ou apropiación, os valores históricos, artísticos e culturais, o valor económico estimado, a situación actual e as entidades ou persoas lexitimadas para a súa recuperación. Ademais, o informe deberá facer unha avaliación dos beneficios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 12:58:10
Nº Rexistro: 55016
Data envío: 04/09/2019 12:58:10.005

obtidos pola familia Franco como consecuencia da venda daqueles bens que foron adquiridos de maneira ilícita ou fraudulenta.”

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2019 11:30:32

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2019 11:30:40

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2019 11:30:48

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2019 11:30:55





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 04/09/2019 12:58:10

Nº Rexistro: 55016

Data envío: 04/09/2019 12:58:10.005



Xose Luis Rivas Cruz na data 04/09/2019 11:31:03

Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2019 11:31:11

CSV REXISTRO: F3nUYOG6
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

